



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 297 · Mércores, 29 decembro 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense..... 2

IV. ENTIDADES LOCAIS

Castrelo do Val

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga..... 22

Ordenanza reguladora da xestión de biomasa, distancias de plantacións e prevención de incendios forestais..... 24

Ribadavia

Aprobación das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións das actuacións de rehabilitación na Área de Rehabilitación da zona histórica de Ribadavia. Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. 18 convenio. Programa de rexeneración e renovación urbanas..... 38

Aprobación das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións das actuacións de rehabilitación na Área de Rehabilitación da zona antiga de San Cristovo. Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo. 8 convenio. Programa de rexeneración e renovación urbanas..... 38

San Cristovo de Cea

Aprobación definitiva do Orzamento, as bases de execución e o cadro de persoal para o exercicio económico 2022..... 38

Sarreaus

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos n.º 3/2021..... 40

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de las tasas del servicio intermunicipal delegado de recogida, tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos y de los puntos limpios de la provincia de Ourense..... 12

IV. ENTIDADES LOCALES

Castrelo do Val

Aprobación definitiva de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por el Suministro de Agua..... 23

Ordenanza Reguladora de la Gestión de Biomasa, Distancias de Plantaciones y Prevención de Incendios Forestales..... 31

Ribadavia

Aprobación de las Bases Reguladoras y Convocatoria de Subvenciones de las Actuaciones de Rehabilitación en el Área de Rehabilitación del Casco Histórico de Ribadavia. Plan Estatal de Vivienda 2018-2021, Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo. 18 convenio. Programa de regeneración y renovación urbanas..... 38

Aprobación de las Bases Reguladoras y Convocatoria de Subvenciones de las Actuaciones de Rehabilitación en el Área de Rehabilitación del Casco Antiguo de San Cristovo. Plan estatal de vivienda 2018-2021, Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo. 8 Convenio. Programa de Regeneración y Renovación Urbanas..... 38

San Cristovo de Cea

Aprobación definitiva del Presupuesto, las bases de ejecución y la plantilla de personal para el ejercicio económico 2022..... 39

Sarreaus

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos n.º 3/2021..... 40



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión do 29 de outubro de 2021, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense.

Unha vez sometida a información pública, mediante anuncio inserido no BOP núm. 253 do 3 de novembro de 2021, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou alegación ou reclamación ningunha, polo que queda aprobada definitivamente, e publícase a continuación o texto íntegro da dita ordenanza:

Esta modificación entra en vigor o día 1 de xaneiro de 2022.

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial de aplicación

1. Constitúe o obxecto desta ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ao servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos nos municipios de Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Os Blancos, A Bola, O Bolo, Boborás, Calvos de Randín, Castrelo de Miño, Entrimo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Muíños, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, A Pobra de Trives, Petín, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras.

2. A aprobación desta ordenanza fiscal por parte da Deputación Provincial de Ourense realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos de referencia a través do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación, en réxime de prestación delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos municipios que se adhiran (BOP n.º 3, do 4 de xaneiro de 2013). O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza está integrado polos termos municipais dos concellos relacionados no apartado 1.

Título primeiro: da taxa polo servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos

Artigo 2. Feito impositivo

1. Constitúe o feito impositivo da taxa do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos nos municipios relacionados no artigo 1.1 desta ordenanza a prestación, nos termos municipais respectivos, do servizo referenciado a vivendas e establecementos ou locais destinados a calquera tipo de actividade susceptible de produción de residuos sólidos urbanos, incluídas as que carezan de contido económico. O dito servizo ten o carácter de servizo público de prestación obrigatoria para os suxeitos pasivos. Entenderase incluído no custo da taxa a prestación do servizo de puntos limpos, dispoñible para o conxunto da poboación empadroada nos municipios de aplicación e para as persoas que, aínda sen estaren empadroadas, sexan contribuíntes ou substitutos do contribuínte na taxa de recollida, tratamento e eliminación de residuos do servizo intermunicipal delegado que se presta nos ditos municipios.

2. A prestación do servizo a cada vivenda, local ou establecemento constitúe un feito impositivo diferenciado, dando lugar á

devindicación da correspondente taxa, incluso nos supostos en que varias vivendas, locais ou establecementos pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

3. Non están suxeitas á taxa as vivendas, locais e establecementos nas que concorran calquera das seguintes circunstancias de feito:

a) Atoparse en estado de ruína oficialmente declarado polo concello de conformidade coa lexislación urbanística vixente. A declaración de non suxeición e correspondente baixa no padrón prodúcese de oficio pola Administración Tributaria, unha vez comunicada polo concello a correspondente declaración de ruína.

b) Trátase de inmoables non susceptibles de uso ou ocupación. Para estes efectos, considéranse como tales unicamente os inmoables que carezan dos servizos de subministración de auga potable, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. A declaración de non suxeición da taxa no suposto de inmoables non susceptibles de uso ou ocupación prodúcese a instancia de parte, e tras a acreditación previa de que o inmovible non dispón dos servizos de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica. Entenderase que o inmovible carece destes servizos cando estea dado de baixa como usuario en todos os servizos sinalados, con carácter definitivo, pola entidade subministradora ou prestadora. No caso de que non se acredite este extremo, o inmovible considerase utilizable ou ocupable, e devindicará a taxa correspondente.

4. Para os efectos da definición do feito impositivo, considéranse residuos sólidos urbanos os definidos como tales na lexislación vixente sobre residuos sólidos e na ordenanza ou ordenanzas que regulen o servizo.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais aos que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito ao uso do inmovible, como o usufruto, uso, habitación, arrendamento, precario ou calquera outro.

2. En todo caso, terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre o ocupante ou usuarios. Sen prexuízo do anterior, a Administración Tributaria, ao xestionar a taxa, poderá realizar a facturación ao ocupante do inmovible, de conformidade co establecido no artigo 6.

3. No caso de que a facturación desta taxa se viñese realizando conxuntamente coa de subministración de auga con anterioridade á data de entrada en vigor desta ordenanza, consideraranse suxeitos pasivos as persoas que figuren como contribuíntes no padrón da taxa de abastecemento de auga.

4. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei xeral tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais lles atribúa tal responsabilidade.

Artigo 4. Período impositivo e devindicación

1. O período impositivo coincidirá co ano natural ou co tempo efectivo de prestación do servizo durante o ano natural no suposto de inmoables dados de alta ou baixa no padrón de contribuíntes con efectos posteriores ao 1 de xaneiro, de conformidade co disposto nos apartados 3 e 4 deste artigo e no artigo 6.

2. Como regra xeral, e dado o carácter obrigatorio e permanente do servizo gravado, así como o feito da súa efectiva

implantación no momento da entrada en vigor desta ordenanza, a taxa devindicarase por ano completo o 1 de xaneiro de cada exercicio natural para todos os inmobles suxeitos conforme co disposto no artigo 2.

3. No suposto no que o inmovible suxeito se dese de alta como usuario de calquera dos servizos aos que se refire o artigo 2.3.b) desta ordenanza con posterioridade ao 1 de xaneiro, nese exercicio a taxa entenderase devindicada a partir da primeira data na que se produza a alta nun dos amentados servizos. A cota tributaria aplicable neste suposto será o resultado de ratear a cota tributaria anual polo número de días naturais dende a data da devindicación.

4. No suposto en que o inmovible suxeito se dese de baixa con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, a devindicación entenderase producida con efectos ata a data de efectividade da baixa. A cota tributaria aplicable neste suposto será o resultado de ratear a cota tributaria anual polo número de días naturais dende a data da devindicación ata a da baixa.

5. Nos supostos en que se produzan modificacións dos suxeitos pasivos con posterioridade ao 1 de xaneiro de cada exercicio tributario, estas modificacións producirán efecto na data de efectividade da modificación, imputándose a parte da cota tributaria anual que corresponda a quen fose suxeito pasivo en cada período temporal de prestación do servizo.

Artigo 5. Cota tributaria

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, denominada tarifa, determinada en función da natureza e destino dos inmobles, en atención á súa capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos e á súa repercusión nos custos do servizo.

Para estes efectos, a capacidade estimada de produción de residuos sólidos urbanos exprésase en abonados - equivalentes. Recóllense no anexo III as táboas de abonados equivalentes para cada tipo de actividade nas que se outorga o valor da unidade ás vivendas do medio rural.

2. No caso das vivendas, serán de aplicación as tarifas contidas no anexo I, epígrafe primeiro, nas que se diferencian dúas tarifas:

a) Tarifa de vivendas situadas en zona urbana do servizo: caracterízanse porque a periodicidade do servizo de recollida é de catro a seis veces por semana.

b) Tarifa de vivendas situadas en zonas rurais do servizo: caracterízanse porque a periodicidade do servizo de recollida é dunha a tres veces por semana.

A inclusión dunha vivenda nun dos dous tipos de tarifa sinalados dependerá exclusivamente de que o servizo prestado sexa o propio de zonas urbanas ou o de zonas rurais, ambos os dous definidos exclusivamente pola súa periodicidade, sen consideración ningunha á clasificación urbanística do solo no que se sitúan as ditas vivendas.

3. No caso de locais ou establecementos dedicados a actividades susceptibles de produción de residuos sólidos urbanos, as tarifas aplicables son as contidas no anexo I, epígrafe segundo, establecidas en función da capacidade de produción de residuos estimada para cada tipo de actividade. No suposto de actividades non recollidas no anexo III determinaranse os abonados equivalentes mediante resolución motivada por referencia á produción estimada de residuos sólidos urbanos, tras a audiencia previa do interesado.

4. As tarifas, referidas a un ano, serán divisibles por días naturais nos casos previstos nesta ordenanza.

5. Cando nun mesmo local ou establecemento se realicen varias actividades das recollidas no epígrafe segundo do anexo I, cada unha delas tributará de xeito independente, considerándose que se realiza un feito impoñible para cada actividade, devindicándose e liquidándose a cota tributaria correspondente por cada unha delas.

Por excepción, no caso dos restaurantes con servizo de bar ou cafetería, considerarase só como actividade a de restaurante.

6. Cando a aplicación das tarifas do anexo I, epígrafe segundo, veña determinada pola superficie dos locais ou establecementos, considerarase como tal a superficie útil total do local que figure no Catastro.

7. Nos inmobles destinados a vivenda nos que se desenvolva calquera actividade susceptible de produción de residuos aplicarase unicamente a tarifa correspondente do epígrafe segundo. Para que esta regra sexa de aplicación esixírase que a actividade se desenvolva en dependencias propias da vivenda que carezan de acceso independente. En caso contrario, aplicarase a regra establecida no apartado 5.

8. A tarifa especial de locais ou establecementos con contedor exclusivo aplicarase a aqueles locais ou establecementos cuxa produción semanal de lixo, en quilogramos, sexa superior a dez veces os abonados equivalentes da actividade. A procedencia da súa aplicación declararáa de oficio a Administración Tributaria, tras a tramitación previa dun expediente contradictorio no que se acreditará a realidade da produción de residuos do local ou establecemento afectado. Na resolución que declare a aplicación deste réxime especial concretarase o volume e número de contedores exclusivos que deberá utilizar o local ou establecemento de que se trate, en función da produción de residuos acreditada no expediente. A aplicación deste réxime poderá revisarse a instancia de parte no caso en que se modifícase a capacidade de produción de residuos sólidos urbanos. As resolucións sobre aplicación do réxime especial de tarifas de locais con contedor exclusivo, así como as súas revisións ou modificacións posteriores, terán efectos a partir da data de emisión do acto administrativo correspondente.

9. Establécese un índice de custo repercutible actualizable (CRA) que se determinará cada ano baseado na variación anual do custo real do servizo. Neste índice inclúense, exclusivamente, os custos que a Deputación Provincial liquida aos concellos e non se contemplan os custos financeiros, gastos xerais ou de estrutura, beneficio industrial e amortizacións.

10. As contías das tarifas serán revisadas anualmente, de acordo coa seguinte fórmula de revisión:

Coeficiente de revisión para A+1= $CRA-1/CRA-2 \times 0,9435 + 0,0565$

Onde:

Coeficiente de revisión para A+1 é o coeficiente de revisión das tarifas para o ano seguinte o ano no que se tramita a revisión (A), para aplicar sobre as tarifas vixentes no ano en curso (A).

CRA-1 é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano A-1, que se corresponde coa do ano anterior a do ano A sobre o que se aplica a revisión.

CRA-2 é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano anterior ao do CRA-1 (é dicir: A-2)

Artigo 6. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación

1. Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considerarase Administración Tributaria a que en cada caso exerza a competencia de xestión tributaria e recadación. A Deputación



Provincial de Ourense será a Administración Tributaria nos casos en que teña delegado o exercicio da competencia por parte dos concellos.

2. As normas de xestión contidas neste artigo serán en todo caso aplicables á xestión tributaria e recadatoria cando esta sexa realizada pola Deputación Provincial de Ourense. No caso en que a xestión tributaria e recadación a leven a cabo os concellos ou outras entidades, estas normas serán de aplicación supletoria, en defecto de normas específicas de xestión.

3. A taxa xestionarase de oficio a Administración Tributaria, a partir dun padrón que se formará anualmente, aprobándose mediante resolución da Presidencia, ou do órgano en cada caso competente en caso de que a Administración Tributaria non sexa a Deputación. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito imponible do que a Administración teña constancia:

a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a Administración Tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.

b) Identificación do inmovible ao que se presta o servizo

c) Data de devindicación da taxa e período impositivo

d) Cota tributaria líquida, determinada pola tarifa aplicable conforme con esta ordenanza, especificando a epígrafe aplicable.

e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

4. O padrón especificará, para cada exercicio tributario, se a cota tributaria anual se facturará por períodos inferiores ao ano, detallando, de ser o caso, a periodicidade que se estableza e os correspondentes prazos para pagamento en período voluntario.

5. O padrón será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos dos concellos, ademais de na páxina web da Deputación Provincial de Ourense. As modificacións, altas e baixas que se produzan ao longo do exercicio tributario incorporaranse ao padrón mediante resolución da Presidencia, que será obxecto de notificación individualizada aos interesados, sen prexuízo da súa publicación.

6. Como norma xeral, o padrón de contribuíntes será aprobado e publicado antes do 31 de decembro do exercicio inmediatamente anterior a aquel no que deba producir efectos, que se producirán, en todo caso, a partir do 1 de xaneiro do exercicio de referenda. Non obstante o anterior, e con carácter excepcional, cando existan circunstancias que o xustifiquen o padrón poderá ser obxecto de aprobación posterior, sendo válido e producindo igualmente os seus efectos a partir do 1 de xaneiro do exercicio ao que se refira.

7. As modificacións, altas e baixas individuais no padrón levaranse a cabo de oficio ou a instancia dos interesados, cando se modifiquen os supostos de feito que determinan a inclusión no padrón, e terán efectos a partir da data da súa aprobación, ou, se é o caso, a partir da data na que a Administración teña a obriga de realizar de oficio a modificación, conforme co disposto no parágrafo seguinte. A Administración Tributaria estará obrigada a realizar de oficio as modificacións, altas e baixas no prazo máximo de dez días hábiles dende a data en que teña coñecemento fidedigno dos feitos determinantes da modificación de que se trate. En todo caso, os interesados terán a obriga de comunicarlle á administración calquera feito con trans-

cendencia tributaria susceptible de modificar os datos do padrón, sen que sexan admisibles as reclamacións pola falta de modificación dos padróns cando esta teña como causa o incumprimento polo interesado da súa obriga de comunicar os cambios producidos e, en todo caso, cando estes non fosen coñecidos pola Administración Tributaria.

8. A facturación da taxa realizarase coa periodicidade establecida nos padróns, mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados aos interesados para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do dito padrón. Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ao que se presta servizo, a facturación realizarase directamente aos ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que sexa solicitada conxuntamente polo propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexítima o uso ou ocupación.

b) Que o sistema de pagamento sexa a domiciliación bancaria dos recibos.

En ausencia destes requisitos, ou cando deixen de producirse, a facturación realizaráselle ao propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de non pagamento en período voluntario polo contribuínte, a Administración Tributaria poderá proceder á modificación do padrón correspondente, excluindo ao contribuínte do padrón, no que só figurará o substituto do contribuínte con efectos dende a data da modificación.

9. Nos supostos previstos no artigo 3.3 desta ordenanza, a xestión da taxa de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos rexeráse polas normas de xestión da taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e aprobarase un único padrón para ambas as dúas taxas.

10. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de cobro de cada recibo o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

11. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexeráse polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

Título II. Da taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos

Artigo 7. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos a recepción neste tipo de instalacións dos residuos sólidos urbanos que deban ser entregados ou depositados nelas, así como a recollida a domicilio deste tipo de residuos, nos casos e condicións en que a ordenanza reguladora do servizo estableza a posibilidade desta prestación.

Artigo 8. Bonificacións

Establécese unha bonificación do 100 % das tarifas xerais da taxa ás persoas físicas que figuren no padrón de habitantes dos concellos nos que é de aplicación esta ordenanza, e ás persoas físicas e xurídicas, así como ás entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que figuren como suxeitos pasivos na taxa pola prestación do servizo intermunicipal de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos regulada no título I.

Esta bonificación aplicárase de modo automático coa identificación da persoa que entrega os residuos ou solicita a súa recollida e a comprobación por parte da oficina de xestión de que se atopa incluída en calquera dos supostos que dan dereito á bonificación. Para a súa efectividade os beneficiarios deberán identificarse na oficina ou lugar de entrega dos residuos. No caso de persoas xurídicas e entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, os beneficiarios deberán comunicarlle á Administración Tributaria a designación das persoas autorizadas para efectuar a entrega ou solicitar a recollida dos residuos, achegando documento acreditativo da súa vinculación co beneficiario. Corresponderalles a estas persoas a obriga de identificación no momento de entrega ou solicitude de recollida dos residuos.

Artigo 9. Devindicación

A taxa pola prestación do servizo intermunicipal de puntos limpos devíndase no momento da entrega ou solicitude de recollida dos residuos de que se trate.

Artigo 10. Cota

A cota tributaria consistirá na aplicación dunha tarifa por entrega de residuos, establecida en función da tipoloxía e peso dos residuos entregados. A contía desta tarifa recóllese, para cada tipo de residuo, no anexo II desta ordenanza.

Artigo 11. Normas de xestión

O pagamento da taxa será requisito previo para a entrega dos residuos nos puntos limpos. Para tal efecto, a taxa esixírase en réxime de autoliquidación, que será realizada polo interesado coa asistencia do persoal encargado da recepción dos residuos. Unha vez realizado o pagamento, expedirase e entregaráse ao interesado un recibo acreditativo do pagamento. O pagamento poderá realizarse en efectivo, mediante domiciliación bancaria ou mediante calquera outro medio autorizado pola Administración Tributaria, sempre que nos puntos de entrega existan os medios materiais para a súa realización.

Título III. Réxime sancionador

Artigo 12. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas nesta ordenanza fiscal, ateranse ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable para o efecto.

Disposición adicional

Establécese unha bonificación única e transitoria, que se aplicará no primeiro recibo do ano 2020, equivalente ao 4,12 % da tarifa correspondente do ano 2019, de conformidade coa bonificación na contía do canón unitario de tratamento por tonelada de residuos entregados a Sogama (creada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas de Galicia, modificando a Lei 11/2013, do 26 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014). Esta bonificación é a recollida no anexo IV.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor desta ordenanza fiscal quedarán derogadas as seguintes ordenanzas fiscais:

Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do Concello de San Cibrao das Viñas (BOP núm. 295, do 26 de decembro do 2009).

Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do Concello de Amoeiro (BOP núm. 295, do 26 de decembro do 2009, modificada no BOP núm. 203, do 4 de setembro de 2014).

Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos de Manzaneda e A Pobra de Trives (BOP núm. 295, do 26 de decembro do 2009, modificada no BOP núm. 203, do 4 de setembro de 2014).

Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos intermunicipais delegados de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos dos concellos dos Blancos, Calvos de Randín e Trasmiras (BOP núm. 291, do 26 de decembro do 2011, modificada no BOP núm. 203, do 4 de setembro de 2014).

Ordenanza fiscal reguladora da recollida do lixo de Rubiá (BOP 22 do decembro de 2001, modificada polo acordo plenario do 12 de marzo de 2018, BOP do 22 de marzo de 2018).

Ordenanza fiscal da taxa recollida de lixo do Concello da Rúa (BOP do 23 de decembro de 2008).

Ordenanza fiscal reguladora da taxa de exacción da recollida de lixo e residuos sólidos urbanos da Bola (BOP do 4 de setembro de 1993), modificada o 12 de novembro de 2001 (BOP do 17 de novembro de 2001), e posteriores modificacións (BOP do 14 de xaneiro de 2002 e BOP do 16 de abril de 2012).

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos de Riós, (BOP do 13 de decembro de 2003) modificada polo acordo plenario con data 17 de xaneiro de 2014 (BOP do 6 de marzo de 2014).

Ordenanza fiscal da taxa de recollida do lixo do Concello do Bolo (BOP do 29 de xuño de 1991, e as súas posteriores modificacións publicadas nos BOP do 28 de xaneiro de 1997, 15 do decembro de 1998, 14 de febreiro de 2000 e 28 de xuño de 2019).

Ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo municipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do Concello de Castro de Miño (BOP núm. 273, do 2 de decembro de 2011 modificada no BOP núm. 286, do 15 de decembro de 2016).

Disposición derradeira

O texto refundido desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2022.

(Ver anexos páx. 6-11)



Anexo I

Tarifas xerais de vivendas

Vivendas	
Vivendas rurais (1-3 veces/semana)	56,81 €
Vivendas urbanas (4-6 veces/semana)	71,01 €

Tarifas de actividades económicas

Epígrafes	Tarifa ANUAL
Hoteles, hostais, pensións, casas de hóspedes, por cada 5 cuartos ou fracción	56,81 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda ou rouloute (caravana ou autocaravana) ou bungaló	56,81 €
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m ²	170,43 €
Restaurantes de 100- 350 m ²	284,06 €
Restaurantes de máis de 350 m ²	568,11 €
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	170,43 €
Asociacións culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	56,81 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	568,11 €
Pubs e bares con música e similares	284,06 €
Bingos	170,43 €
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	170,43 €
Supermercados e autoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	397,68 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de máis de 350 m ²	852,17 €
Carnicerías e peixerías	170,43 €
Froiterías	227,24 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	170,43 €
Outros negocios de	
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 0-100 m ²	170,43 €
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 100-350 m ²	340,87 €
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de máis de 350 m ²	568,11 €
Almacéns, depósitos e venda ao por maior de 0-200 m ²	170,43 €
Almacéns, depósitos e venda ao por maior de 200-450 m ²	340,87 €
Almacenes, depósitos e venta ao por maior de más de 450 m ²	568,11 €
Servizos	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	454,49 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	113,62 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	4.828,95 €
Centros de penitenciarias, por cada interno	85,22 €
Cemiterios e igrexas e templos con cemiterios	85,22 €
Cines e teatros	113,62 €

Bancos e caixas de aforros	284,06 €
Academias privadas	170,43 €
Centros docentes sen servizo de comedor	284,06 €
Centros docentes con servizo de comedor	568,11 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	56,81 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	85,22 €
Centros de día, de ata 500 m2 totais	227,24 €
Centros de día de 500 ou máis m2	397,68 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	170,43 €
Oficinas, despachos e servizos profesionais	
En locais de 0-100 m ²	56,81 €
En locais de 100-200 m ²	170,43 €
En locais de 200-300 m ²	284,06 €
En locais de máis de 350 m ²	397,68 €
Estacións de servizo	
Gasolineira sen tenda comercial	170,43 €
Gasolineira con tenda comercial	227,24 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	56,81 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2	170,43 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2	284,06 €
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m2	397,68 €

Tarifas especiais

Epígrafes		Tarifa anual
Pequenos núcleos rurais		
Tascas e pequenos negocios de venda ao por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		56,81 €
Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou situadas en solo urbano industrial: por instalación de cada contedor de uso exclusivo, ao ano		
Sen materia orgánica	1er contedor (800 l)	227,24 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	113,62 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	170,43 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	284,06 €
Con materia orgánica	1er contedor (800 l)	568,11 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	284,06 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	454,49 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	568,11 €



Anexo II

Entregas en puntos limpos (para non abonados):

- Colchóns: 6,13 €/ud.
- Voluminosos: 0,225 €/kg
- RAEEs sen clasificar non reciclables: 0,225 €/kg

Anexo III

Epígrafes	Abonado equivalente
Vivendas	
Vivendas rurais (1-3 veces/semana)	1
Vivendas urbanas (4-6 veces/semana)	1,25

Tarifas de actividades económicas	
Epígrafes	Abonado equivalente
Hoteles, hostais, pensións, casas de hóspedes, por cada 5 cuartos ou fracción	1
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o rouloute (caravana ou autocaravana), ou bungaló	1
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m ²	3
Restaurantes de 100- 350 m ²	5
Restaurantes de mais de 350 m ²	10
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	3
Asociacións culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	1
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	10
Pubs e bares con música e similares	5
Bingos	3
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	3
Supermercados e autoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	7
Hipermercados e autoservizos de alimentación de más de 350 m ²	15
Carnicerías e peixerías	3
Froiterías	4
Confeiterías, panaderías (hornos e despachos de pan)	3
Negocios de	
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 0-100 m ²	3
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 100-350 m ²	6
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de máis de 350 m ²	10
Almacéns, depósitos e venda ao por maior de 0-200 m ²	3
Almacéns, depósitos e venda ao por maior de 200-450 m ²	6
Almacenes, depósitos e venta ao por maior de más de 450 m ²	10
Servizos	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	8
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	2

Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias		85
Centros de penitenciariás, por cada interno		1,5
Cemiterios e igrexas e templos con cemiterios		1,5
Cines e teatros		2
Bancos e caixas de aforros		2
Academias privadas		3
Centros docentes sen servizo de comedor		5
Centros docentes con servizo de comedor		10
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)		1
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)		1,5
Centros de día, de ata 500 m2 totais		4
Centros de día de 500 ou máis m2		7
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)		3
Oficinas, despachos e servizos profesionais		
En locais de 0-100 m ²		1
En locais de 100-200 m ²		3
En locais de 200-300 m ²		5
En locais de máis de 350 m ²		7
Estacións de servizo		
Gasolineira sen tenda comercial		3
Gasolineira con tenda comercial		4
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción		1
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m2		1,5
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m2		3
Talleres mecánicos e chapisterías de mais de 200 m2		5
Tarifas especiais		
Epígrafes		Abonado equivalente
Pequenos núcleos rurais		
Tascas e pequenos negocios de venda ao por menor en núcleos de menos de 200 habitantes		1
Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou situadas en solo urbano industrial: por instalación de cada contedor de uso exclusivo, ao ano		
Sen materia orgánica	1er contedor (800 l)	4
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	2
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	3
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	5
Con materia orgánica	1er contedor (800 l)	10
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	5
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	8
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	10

Anexo IV
Bonificación aplicable ao exercicio 2019 (liquidable no primeiro recibo do ano 2020)

Tarifas xerais de vivendas	
Epígrafes	Bonificación 2019
Vivendas	
Vivendas rurais (1-3 veces/semana)	-2,39 €
Vivendas urbanas (4-6 veces/semana)	-2,99 €
Tarifas de actividades económicas	
Epígrafes	Bonificación 2019
Hoteis, hostais, pensións, casas de hóspedes, por cada 5 cuartos ou fracción	-2,39 €
Cámpings, por cada tres parcelas de tenda o rouloute (caravana ou autocaravana), ou bungaló	-2,39 €
Restaurantes e similares	
Restaurantes ata 100 m ²	-7,17 €
Restaurantes de 100- 350 m ²	-11,95 €
Restaurantes de máis de 350 m ²	-23,90 €
Bares, cafeterías e similares	
Bares, cafeterías e similares	-7,17 €
Asociacións culturais, asociacións e entidades sen ánimo de lucro	-2,39 €
Salas de festas, discotecas, pubs, bingos, e bares con música	
Salas de festas e/ou celebracións e discotecas	-23,90 €
Pubs e bares con música e similares	-11,95 €
Bingos	-7,17 €
Negocios de alimentación	
Tendas e autoservizos de alimentación de 0 a 100 m ²	-7,17 €
Supermercados e autoservizos de alimentación de 100 a 350 m ²	-16,73 €
Hipermercados e autoservizos de alimentación de máis de 350 m ²	-35,84 €
Carnicerías e peixerías	-7,17 €
Froiterías	-9,56 €
Confeiterías, panaderías (fornos e despachos de pan)	-7,17 €
Outros negocios de	
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 0-100 m ²	-7,17 €
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de 100-350 m ²	-14,34 €
Venda ao por menor e detalle de produtos non perecedoiros de máis de 350 m ²	-23,90 €
Almacéns, depósitos e venda ao por maior de 0-200 m ²	-7,17 €
Almacéns, depósitos e venda ao por maior de 200-450 m ²	-14,34 €
Almacenes, depósitos e venta ao por maior de máis de 450 m ²	-23,90 €
Servizos	
Ambulatorios e centros de atención médica, sen camas de hospitalización	-19,12 €
Centros de atención médica, con camas de hospitalización, por cada cinco camas ou fracción	-4,78 €
Centros de atención psiquiátrica con talleres e instalacións de actividades complementarias	-203,12 €
Centros de penitenciarias, por cada interno	-3,58 €
Cemiterios e igrexas e templos con cemiterios	-3,58 €
Cines e teatros	-4,78 €

Bancos e caixas de aforros	-11,95 €
Academias privadas	-7,17 €
Centros docentes sen servizo de comedor	-11,95 €
Centros docentes con servizo de comedor	-23,90 €
Centros docentes con servizo de comedor e internado (por cada dúas prazas ou fracción)	-2,39 €
Residencias de anciáns e xeriátricos (por cada dúas prazas ou fracción)	-3,58 €
Centros de día, de ata 500 m ² totais	-9,56 €
Centros de día de 500 ou máis m ²	-16,73 €
Instalacións deportivas (excluído o servizo de bar ou cafeterías)	-7,17 €
Oficinas, despachos e servizos profesionais	
En locais de 0-100 m ²	-2,39 €
En locais de 100-200 m ²	-7,17 €
En locais de 200-300 m ²	-11,95 €
En locais de máis de 350 m ²	-16,73 €
Estacións de servizo	
Gasolineira sen tenda comercial	-7,17 €
Gasolineira con tenda comercial	-9,56 €
Garaxes públicos (sen lavado e engraxe), por cada 25 prazas ou fracción	-2,39 €
Talleres mecánicos e chapisterías ata 100 m ²	-7,17 €
Talleres mecánicos e chapisterías de 100-200 m ²	-11,95 €
Talleres mecánicos e chapisterías de máis de 200 m ²	-16,73 €

Tarifas especiais

Epígrafes

Bonificación 2019

Pequenos núcleos rurais

Tascas e pequenos negocios de venda ao por menor en núcleos de menos de 200 habitantes

-2,39 €

Fábricas, industrias e outras actividades non incluídas anteriormente, ou incluídas pero con produción de lixo que excede a relación de equivalencia, ou situadas en solo urbano industrial: por instalación de cada contedor de uso exclusivo, ao ano

Sen materia orgánica	1er contedor (800 l)	-9,56 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	-4,78 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	-7,17 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	-11,95 €
Con materia orgánica	1er contedor (800 l)	-23,90 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de menos de 800 l	-11,95 €
	2ª contedor e sucesivos, por cada un de 800 l	-19,12 €
	2ª contedor sucesivos, por cada un de máis de 800 l	-23,90 €

Publicase isto, advertindo que, contra o acordo de aprobación definitiva da ordenanza, os interesados poderán formular un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio. Non obstante, os interesados poderán interpor calquera outro recurso que consideren pertinente.

Ourense, 23 de decembro de 2021. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.



Diputación Provincial de Ourense

Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de las tasas del servicio intermunicipal delegado de recogida, tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos y de los puntos limpios de la provincia de Ourense

El Pleno de la Diputación Provincial de Ourense, en la sesión de 29 de octubre de 2021, aprobó inicialmente la modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de las tasas del servicio intermunicipal delegado de recogida, tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos y de los puntos limpios de la provincia de Ourense.

Una vez sometida a información pública, mediante anuncio en el BOP n.º 253, de 3 de noviembre de 2021, durante el plazo de 30 días hábiles, no se formuló ninguna alegación o reclamación, quedando aprobada definitivamente, por lo que se publica a continuación el texto íntegro de dicha ordenanza:

Esta modificación entra en vigor el día 1 de enero de 2022.

Artículo 1. Objeto, fundamento y ámbito territorial de aplicación

1. Constituye el objeto de la presente ordenanza fiscal la ordenación e imposición de las tasas correspondientes al servicio intermunicipal delegado de recogida, tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos y puntos limpios en los municipios de Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, Os Blancos, A Bola, O Bolo, Boborás, Calvos de Randín, Castrelo de Miño, Entrimo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Muíños, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, A Pobra de Trives, Petín, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilamarín e Vilamartín de Valdeorras.

2. La aprobación de esta ordenanza fiscal por parte de la Diputación Provincial de Ourense se realiza en ejercicio de la competencia delegada por los ayuntamientos de referencia a través del Convenio marco de cooperación entre la Diputación Provincial de Ourense y los ayuntamientos de la provincia para la prestación, en régimen de prestación delegada y con carácter intermunicipal, del servicio de recogida de residuos sólidos urbanos en los municipios que se adhieran (BOP n.º 3, de 4 de enero de 2013). El ámbito territorial de aplicación de esta ordenanza está integrado por los términos municipales de los ayuntamientos relacionados en el apartado 1.

Título primero: de la tasa por el servicio intermunicipal delegado de recogida, tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos

Artículo 2. Hecho imponible

1. Constituye el hecho imponible de la tasa del servicio intermunicipal delegado de recogida, tratamiento y eliminación de residuos sólidos urbanos en los municipios relacionados en el artículo 1.1 de la presente ordenanza la prestación, en los términos municipales respectivos, del servicio referenciado a viviendas y establecimientos o locales destinados a cualquier tipo de actividad susceptible de producción de residuos sólidos urbanos, incluidas las que carezcan de contenido económico. Dicho servicio tiene el carácter de servicio público de prestación obligatoria para los sujetos pasivos. Se entenderá incluido en el coste de la tasa la prestación del servicio de puntos limpios, disponible para el conjunto de la población empadronada en los municipios de aplicación y para las personas que, aún sin estar empadronadas, sean contribuyentes o substitutos del contribuyente en la tasa de recogida, tratamiento y elimina-

ción de residuos del servicio intermunicipal delegado que se presta en dichos municipios.

2. La prestación del servicio a cada vivienda, local o establecimiento constituye un hecho imponible diferenciado, dando lugar al devengo de la correspondiente tasa, incluso en los supuestos en que varias viviendas, locales o establecimientos pertenezcan a un mismo sujeto pasivo.

3. No están sujetas a la tasa las viviendas, locales y establecimientos en las que concurra cualquiera de las siguientes circunstancias de hecho:

a) Estar en estado de ruina oficialmente declarado por el ayuntamiento de conformidad con la legislación urbanística vigente. La declaración de no sujeción y correspondiente baja en el padrón se producirá de oficio por la administración tributaria, una vez comunicada por el ayuntamiento la correspondiente declaración de ruina.

b) Tratarse de inmuebles no susceptibles de uso u ocupación. Para estos efectos, se consideran como tales únicamente los inmuebles que carezcan de los servicios de suministro de agua potable, evacuación de aguas residuales y suministro de energía eléctrica. La declaración de la no sujeción de la tasa en el supuesto de inmuebles no susceptibles de uso u ocupación se producirá a instancia de parte, y previa la acreditación de que el inmueble no dispone de los servicios de agua, evacuación de aguas residuales y suministro de energía eléctrica. Se entenderá que el inmueble carece de estos servicios cuando esté dado de baja como usuario en todos los servicios señalados, con carácter definitivo, por la entidad suministradora o prestadora.

En caso de que no se acredite este extremo, el inmueble se considerará utilizable o susceptible de ser ocupado, y devengará la tasa correspondiente.

4. Para los efectos de la definición del hecho imponible, se consideran residuos sólidos urbanos los definidos como tales en la legislación vigente sobre residuos sólidos y en la ordenanza u ordenanzas que regulen el servicio.

Artículo 3. Sujetos pasivos

1. Son sujetos pasivos, en concepto de contribuyentes, las personas físicas y jurídicas y las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, que ocupen o utilicen las viviendas y locales a los que se preste el servicio, bien sea a título de propietario o en virtud de cualquier título jurídico que otorgue el derecho al uso del inmueble, como el usufructo, uso, habitación, arrendamiento, precario o cualquier otro.

2. En todo caso, tendrá la consideración de sustituto del contribuyente el propietario de las viviendas o locales, que podrá repercutir, si es el caso, las cuotas satisfechas sobre el ocupante o usuarios. Sin perjuicio de lo anterior, la Administración Tributaria, al gestionar la tasa, podrá realizar la facturación al ocupante del inmueble, de conformidad con lo establecido en el artículo 6.

3. En caso de que la facturación de esta tasa se viniese realizando conjuntamente con la de suministro de agua con anterioridad a la fecha de entrada en vigor de la presente ordenanza, se considerarán sujetos pasivos las personas que figuren como contribuyentes en el padrón de la tasa de abastecimiento de agua.

4. Responderán solidaria o subsidiariamente de las obligaciones tributarias del sujeto pasivo las personas físicas y jurídicas a las que la Ley General Tributaria o la Ley Reguladora de las Haciendas Locales les atribuye tal responsabilidad.

Artículo 4. Período impositivo y devengo

1. El período impositivo coincidirá con el año natural o con el tiempo efectivo de prestación del servicio durante el año natural en el supuesto de inmuebles dados de alta o baja en el padrón de contribuyentes con efectos posteriores al 1 de enero, de conformidad con lo dispuesto en los apartados 3 y 4 de este artículo y en el artículo 6.

2. Como regla general, y dado el carácter obligatorio y permanente del servicio gravado, así como el hecho de su efectiva implantación en el momento de la entrada en vigor de la presente ordenanza, la tasa se devengará por año completo el 1 de enero de cada ejercicio natural para todos los inmuebles sujetos conforme con lo dispuesto en el artículo 2.

3. En el supuesto en que el inmueble sujeto se diese de alta como usuario de cualquiera de los servicios a los que se refiere el artículo 2.3.b) de la presente ordenanza con posterioridad al 1 de enero, en ese ejercicio la tasa se entenderá devengada a partir de la primera fecha en la que se produzca el alta en uno de los mencionados servicios. La cuota tributaria aplicable en este supuesto será el resultado de ratear la cuota tributaria anual por el número de días naturales desde la fecha del devengo.

Conforme á potestade atribuída polos artigos 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local e 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, con esta ordenanza, o Concello de Castrelo do Val, propón desenvolver a regulación da xestión da biomasa vexetal e das distancias de plantación de especies arbóreas e arbustivas, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como o deseño do procedemento administrativo de orde de execución de xestión de biomasa vexetal, no ámbito das súas competencias, co obxecto de acadar as idóneas condicións de seguridade para reducir os riscos asociados aos incendios forestais, protexendo destes ás persoas, ás poboacións, ás infraestruturas e aos ecosistemas.

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a regulación da xestión da biomasa vexetal no territorio municipal de Castrelo do Val e dentro do seu ámbito competencial, nos termos definidos na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

En consonancia co establecido no artigo 4.2. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, o disposto nesta ordenanza aplicarase naqueles ámbitos que non estean explicitamente regulados na lexislación básica en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

Concretamente, será de aplicación en toda a superficie municipal situada no interior de núcleos de poboación (solo de núcleo rural, urbano e urbanizable delimitado), así como naqueles terreos forestais ou de influencia forestal (situados a menos de 400 metros de terreos forestais) que se atopen a menos de 50 metros de núcleos de poboación e de edificacións ou instalación illadas, segundo establece o artigo 21 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Artigo 3. Definicións

Solo urbano: terreos que a planificación urbanística (PXOM) do concello define e clasifica como tal en virtude do disposto na lexislación urbanística (vixente no momento de aprobación do PXOM: Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Núcleos rurais: terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados na planificación urbanística municipal (PXOM), de conformidade co disposto na lexislación urbanística (vixente no momento de aprobación do PXOM: Lei 9/2002, de

30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Solo urbanizable: terreos que, non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico, a planificación urbanística (PXOM) definiu e clasificou como tal ao obxecto de transformación urbanística nos termos fixados na lexislación urbanística (vixente no momento de aprobación do PXOM: Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Xestión da biomasa forestal: eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis eficaces, con mínimo impacto ambiental (preferiblemente mecánicas) e coa intensidade e frecuencia precisas para xerar nivel de discontinuidades horizontais e verticais dos combustibles que garantan o cumprimento das condicións mínimas de seguridade e salubridade legalmente esixibles, así como a conservación dos valores naturais.

Persoas responsables: persoas titulares dos terreos, ou no seu caso usufrutuarios do dereito de aproveitamento sobre os terreos, urbanos, urbanizables e de núcleo rural, así como as persoas, administración, entidades ou sociedades que poidan considerarse responsables para os efectos do establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Terreo forestal: terreo que cumpre con algún dos criterios especificados no artigo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Zonas de influencia forestal: áreas límites que abarcan unha franxa circundante dos terreos forestais cunha anchura de 400 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable.

Especies pirófitas: especies consideradas xeradoras ou potenciadoras dos riscos asociados aos incendios forestais e que están incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (anexo I desta ordenanza).

Especies frondosas: especies arbóreas autóctonas incluídas no anexo I da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia (anexo II desta ordenanza).

Artigo 4. Fundamentos legais

Descríbense brevemente a continuación as normas vixentes de maior relevancia en relación coa prevención de incendios forestais e coas distancias de plantación de árbores.

4.1. Artigos 582, 591 e 592 do Código Civil:

Establecen as distancias mínimas que ten que existir entre árbores ou arbustos e as propiedades lindeiras, así como as condicións baixo as cales se poderá ordenar ou executar a poda de ramas ou raíces que invadan unha propiedade lindeira.

4.2. Decreto 2661/1967, de 19 de outubro, sobre distancias entre plantacións e predios lindeiros.

Define as distancias mínimas que deberán respectar as novas repoboacións forestais con cultivos agrícolas límites, en función da especie forestal que se pretenda plantar.

4.3. Decreto 81/1989, do 11 de maio, sobre medidas de ordenación das novas plantacións co xénero Eucaliptus.

Complementa o establecido no Decreto 2661/1967 con respecto ás distancias mínimas que deberán respectar as novas repoboacións forestais de eucaliptos con predios lindeiros.

4.4. Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Establece algunhas consideracións xerais sobre as responsabilidades das persoas e das administracións na prevención de

incendios forestais, o réxime sancionador relacionado cos incendios forestais, entre outros aspectos.

4.5. Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Modifica gran parte do disposto na Lei 3/2007 e establece as distancias mínimas que hai que respectar polas novas repoboacións forestais.

4.6. Decreto 105/2006 do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos e repoboacións forestais.

Establece por primeira vez na lexislación galega un conxunto de consideracións e limitacións normativas en relación coa prevención de incendios forestais.

4.7. Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa vexetal, as responsabilidades das persoas titulares de terreos no cumprimento da xestión da biomasa vexetal, así como as responsabilidades dos concellos na planificación da prevención de incendios forestais e na instrución dos procedementos precisos para facer efectiva a xestión da biomasa vexetal, entre outros aspectos.

4.8. Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

Determina os concellos que son considerados como zona de alto risco de incendio, no que o Concello de Castrelo do Val se inclúe como zona de alto risco de incendio.

4.9. Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Establece as condicións mínimas legalmente esixibles coas que se debe xestionar a biomasa vexetal por parte das persoas responsables nas zonas definidas na Lei 3/2007.

4.10. Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Dispón as características que debe cumprir o procedemento administrativo de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

4.11. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Define no artigo 135 as obrigas das persoas titulares de terreos de mantelos nunhas condicións mínimas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato público.

4.12. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Complementa, no artigo 332, o disposto na Lei 2/2016, no que respecta ás responsabilidades dos titulares de terreos.

4.13. Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Introduce modificacións á Lei 3/2007 no referente ás características das redes de faixas de xestión de biomasa vexetal e do procedemento para a xestión da biomasa vexetal.

4.14. Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Desenvolve en profundidade, as características do procedemento de orde de execución de xestión da biomasa vexetal para instruír polo concello e dos procedementos sancionadores asociados.



Artigo 5. Xestión da biomasa vexetal

5.1. Obrigas de xestión da biomasa vexetal no interior dos núcleos de poboación

As persoas responsables, segundo o establecido no artigo 3 desta ordenanza, de terreos situados en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, deberán de xestionar a biomasa vexetal dos seus predios antes do 30 de maio de cada ano.

5.2. Criterios de xestión da biomasa vexetal no interior dos núcleos de poboación.

A xestión da biomasa vexetal por parte das persoas responsables deberá executarse conforme cos seguintes criterios:

a) En solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, non poderán existir exemplares de especies pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 3 desta ordenanza, salvo que o correspondente informe técnico acredite que os exemplares posúen un especial valor natural ou ornamental ou que, por atoparse illados, non constitúen un risco significativo en relación coa propagación de incendios forestais.

b) No estrato arbóreo, as masas estarán formadas por especies non consideradas pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 3 desta ordenanza. Os exemplares deberán de estar distanciados entre si, como mínimo, 7 metros e deberán de estar debidamente podados no terzo inferior da súa altura ata un máximo de 4 metros, salvo que, polo debidamente xustificado valor natural ou ornamental destes, o correspondente informe técnico desaconselle a execución destas medidas.

c) As árbores deberán atoparse a unha distancia mínima de 2 metros cos marcos das parcelas lindeiras, medida en horizontal, dende o tronco, a unha altura de 1,3 metros.

d) Nos estratos herbáceo e arbustivo, realizaranse rozas para garantir o cumprimento do disposto no apartado b) do artigo 2 da Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal e en ningún caso estes estratos poderán superar a altura dun metro. As rozas serán realizadas ao completo e por medios mecánicos, salvo que o correspondente informe técnico, tras determinar a presenza de exemplares de especial valor natural ou ornamental, recomende a execución de rozas selectivas ou por medios manuais.

e) No caso de terreos nos que existan edificacións en estado ruinoso ou de abandono, realizaranse as actuacións de xestión de biomasa vexetal necesarias para garantir a accesibilidade á propiedade, evitando en todo caso que a vexetación medre de xeito que comprometa a estabilidade estrutural da edificación.

f) Os criterios anteriores non serán de aplicación no caso de parques, xardíns ou espazos verdes de titularidade pública.

Artigo 6. Réxime de autorizacións para cortas de arborado no interior dos núcleos de poboación

6.1. A corta de calquera exemplar arbóreo en solo urbano, de núcleo rural requirirá da presentación no rexistro do concello dunha comunicación previa (modelo do anexo III) cunha antelación de 15 días á execución da corta.

6.2. A corta de calquera exemplar arbóreo que existira en solo urbanizable antes da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, requirirá da correspondente solicitude de autorización á Xunta de Galicia, segundo o establece a disposición transitoria quinta da devandita lei.

6.3. Naqueles casos nos que, conforme co disposto no artigo 6 desta ordenanza, sexa preceptiva a corta de exemplares arbóreos para o cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, a persoa responsable non estará exenta do réxime de autorización establecido neste artigo.

Artigo 7. Biomasa vexetal residual

En cumprimento do establecido no artigo 95 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, tras a realización das rozas ou cortas que resulten preceptivas en cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal deberá executarse adicionalmente una trituração de restos in situ, agás no caso dos elementos leñosos de diámetro maior de 5 centímetros, que deberán ser retirados da parcela, salvo que o correspondente informe técnico prescriba expresamente o contrario.

Artigo 8. Afeccións á xestión da biomasa vexetal.

1. Como norma xeral, no caso de que a execución de actuacións de xestión da biomasa vexetal estea condicionada por limitacións normativas establecidas por lexislacións sectoriais vixentes ou mesmo suxeita a un réxime de autorizacións, estas limitacións xunto coa necesidade de autorización deberán ser analizadas e incluídas no correspondente informe técnico.

2. Se, como conclusión do correspondente informe técnico, se desprende a necesidade de solicitar autorización a unha determinada administración sectorial para executar a xestión da biomasa vexetal, a persoa responsable da dita execución, conforme co disposto no artigo 3 desta ordenanza, será a única responsable de facer efectiva a dita solicitude.

Artigo 9. Tipos de afeccións á xestión da biomasa vexetal

A xestión da biomasa vexetal nos espazos que constitúen o ámbito desta ordenanza poderá verse legalmente condicionada polos seguintes tipos de afeccións:

9.1. Recursos hídricos: sempre que a execución da xestión da biomasa vexetal afecte ou sexa realizada nas inmediacións de canles catalogadas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil ou a Confederación Hidrográfica do Douro, analizarase a necesidade de solicitar autorización ao organismo de conca, o que deberá reflectirse no correspondente informe técnico. Como norma xeral, nas zonas de servidume dos cursos fluviais, nunha franxa de 5 metros dende o límite da canle, non se procederá á xestión da biomasa vexetal, salvo que así o autorice expresamente o organismo de conca. Nas zonas de policía dos cursos fluviais, nunha franxa de 100 metros dende o límite da canle, aplicaranse na medida do posible métodos selectivos de control da vexetación, resultando preceptiva a solicitude de autorización ao organismo de conca no caso de que as actuacións de xestión de biomasa vexetal afecten significativamente a especies non consideradas pirófitas, de acordo co establecido no artigo 3 desta ordenanza.

9.2. Conservación de hábitats e especies: en ningún caso se procederá á xestión da biomasa en hábitats identificados como prioritarios no anexo I da Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio). No suposto de que o correspondente informe técnico ditamine que as actuacións de xestión de biomasa vexetal poden afectar directa ou indirectamente a especies de flora ou fauna protexidas, deberá solicitarse autorización á Administración competente en materia de conservación da natureza antes de executar as devanditas actuacións.

9.3. Procesos erosivos: en cumprimento da obriga establecida no artigo 44.2 d) da Lei 7/2012, de montes de Galicia, en zonas de elevadas pendentes, de solos fráxiles ou nas que existen evidencias de que se dan ou se poden dar procesos erosivos significativos, poderá proporse unha redución da intensidade da xestión da biomasa co fin de protexer os solos, se así o establece o correspondente informe técnico, que deberá contar co informe favorable da Administración forestal competente.

9.4. Patrimonio cultural: conforme co disposto na Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables

catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, sempre que se realicen actuacións de xestión de biomasa vexetal nas inmediacións de bens catalogados do Patrimonio Cultural pedirase autorización á Administración autonómica competente, salvo que se trate de podas ou rozas por medios manuais ou mecanizados portátiles. Nos contornos de protección dos bens catalogados non será preciso solicitar autorización mentres as actuacións propostas non modifiquen significativamente a escena urbana ou a paisaxe natural na que se atopan.

Artigo 10. Publicación de información

O Concello de Castrelo do Val publicará anualmente na súa páxina web unha cartografía das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa vexetal, xunto cun listado onde se relacionen as referencias catastrais das parcelas afectadas polas franxas definidas no artigo 21 da Lei 3/2007.

Artigo 11. Procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal

11.1. As persoas físicas ou xurídicas responsables, segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 3/2007, deberán executar a xestión da biomasa vexetal nos seus terreos de acordo co establecido na Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios de xestión da biomasa vexetal ou, no seu caso, no artigo 6 desta ordenanza antes do 30 de maio de cada ano.

11.2. Unha vez transcorrida esta data sen que os responsables executasen as actuacións pertinentes de xestión de biomasa vexetal, o concello poderá dar inicio á instrución do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

Artigo 12. Inicio do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

12.1. Unha vez transcorrido o 30 de maio de cada ano, os servizos técnicos municipais, así como calquera cidadán, poderán comunicar a posible situación de incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal mediante a presentación no rexistro do concello da correspondente instancia na que deberá identificarse unha única parcela obxecto do procedemento mediante polígono e parcela catastrais.

12.2. Unha vez presentada a instancia, o órgano instructor emitirá unha providencia na que solicitará un informe técnico de información previa, no que se determinará a necesidade de ordenar a execución de actuacións de xestión de biomasa vexetal, conforme coa lexislación vixente.

12.3. Se as conclusións do informe técnico ditaminan que a parcela obxecto do procedemento incumpre efectivamente as obrigas de xestión de biomasa vexetal, o órgano instructor procederá á incoación do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

Artigo 13. Resolución do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

13.1. Tras a incoación do expediente e a emisión do informe de secretaría, procederase á emisión da proposta de orde de execución, que será comunicada á persoa responsable, outorgándolle un período de 10 días para presentar as alegacións, documentos ou xustificacións que estime pertinentes.

13.2. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que a persoa titular presente alegación ningunha (tal e como debe acreditar o certificado de secretaría), procederase á emisión da orde de execución, que deberá ser notificada de xeito íntegro nun

prazo inferior a 10 días á data de emisión, conforme co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 14. Execución das actuacións

14.1. O prazo xeral para a execución das actuacións de xestión de biomasa vexetal é, segundo o establece o artigo 22.3 da Lei 3/2007, de 15 días naturais, contado dende o día seguinte á data de recepción da notificación por parte da persoa titular.

14.2. Unha vez transcorrido ese prazo, os servizos técnicos municipais poderán visitar a parcela obxecto do procedemento e, mediante a redacción do correspondente informe técnico de execución, constatar o cumprimento ou incumprimento da execución ordenada.

14.3. Se o devandito informe técnico conclúe que as actuacións ordenadas foron executadas nos termos esixidos na orde de execución, poderá procederse ao arquivo do expediente de orde de execución de xestión de biomasa vexetal.

Artigo 15. Incumprimento das obrigas

15.1. Se o informe técnico de execución ditamina que as actuacións de xestión de biomasa vexetal foron executadas só parcialmente ou incumprindo parte do resolto na orde de execución, procederase á emisión dunha nova orde de execución, nos termos establecidos no artigo 12.2 desta ordenanza, na que se detallarán as actuacións necesarias para o total cumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal outorgando un novo prazo para a súa execución.

15.2. No caso de que o informe técnico de execución conclúa que as actuacións ordenadas non foron executadas, nin total nin parcialmente, actuarase do modo seguinte:

a) Procederase á liquidación provisional dos custos da execución subsidiaria repercutindo na persoa responsable.

b) Ordenarase á execución subsidiaria das actuacións.

c) Comunicaráselle ao correspondente servizo da Xefatura Territorial da Xunta de Galicia o incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, para os efectos de que poida iniciarse o correspondente procedemento sancionador.

Artigo 16.- Notificación infrutuosa

16.1. De acordo co artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no caso de que a persoa responsable sexa descoñecida, non posúa domicilio de notificación coñecido, ou a notificación a esta non se poida facer efectiva, o concello levará a cabo a notificación mediante a súa publicación no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

16.2. No caso anterior, o cómputo do prazo para a execución das actuacións iniciárase dende o día seguinte ao da data de publicación da notificación no Boletín Oficial do Estado.

Artigo 17. Execución subsidiaria

17.1. Para a liquidación provisional dos custos da execución subsidiaria empregaranse os prezos das tarifas Seaga vixentes en cada anualidade correspondentes ás actuacións de xestión de biomasa vexetal ordenadas.

17.2. O concello poderá optar entre a contratación do servizo de execución subsidiaria e a execución con medios municipais. Neste último caso, os custos para liquidar finalmente serán estimados polos servizos técnicos municipais.

17.3. Tras a execución subsidiaria das actuacións de xestión de biomasa vexetal procederase á liquidación final, co correspondente cobramento ou devolución do saldo acreedor ou debedor resultante.



17.4. No caso de non ser posible a liquidación provisional ou final dos custos da execución subsidiaria, por ser a persoa responsable descoñecida, comunicárase este feito ao correspondente servizo da Xefatura Territorial da Xunta de Galicia, podendo dar comezo a un procedemento de expropiación forzosa da parcela obxecto do expediente, en caso de exceder o importe para liquidar o valor catastral desta.

Artigo 18. Informes técnicos de xestión de biomasa vexetal

18.1. Os informes técnicos, tanto de información previa como de execución, que formen parte do procedemento de orde de execución de xestión de biomasa vexetal deberán ter o seguinte contido mínimo:

- a) Identificación da parcela mediante referencia catastral e plano de situación.
- b) Descrición xeral da parcela. Tipos de afección (rede secundaria, núcleo urbano, etc.) e plano de superficies afectadas. Accesos e límites.
- c) Análise da composición específica e da estrutura (alturas e densidades) dos estratos herbáceo/arbustivo e arbóreo existentes na parcela.
- d) Fotografías que amosen visualmente o estado da vexetación descrita.
- e) Caracterización dos combustibles en termos de risco e comportamento do lume asociado baixo escenarios meteorolóxicos desfavorables.
- f) Análise de posibles afeccións á xestión da biomasa vexetal.
- g) Propostas de actuación.
- h) Conclusións.

Artigo 19. Repoboacións forestais.

19.1. De acordo co establecido no artigo 67 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, non está permitido executar novas repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable.

19.2. As repoboacións forestais preexistentes á entrada en vigor da devandita Lei 7/2012 que estean situadas en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable deberán ser adaptadas ao establecido no anexo II da Lei 7/2012, mantendo como norma xeral unha distancia mínima de 30 metros (15 metros no caso de frondosas incluídas no anexo II desta ordenanza) con edificacións, vivendas illadas, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais ou 50 metros (25 no caso de frondosas incluídas no anexo II desta ordenanza) con gasolinerías e outras instalacións nas que se desenvolvan actividades cualificables de perigosas, segundo a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Artigo 20. Especies prohibidas

Non está permitida a plantación de exemplares de especies arbóreas pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 3 desta ordenanza (especies incluídas no anexo I), en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado.

Artigo 21. Distancias de plantación de árbores

21.1. A plantación de calquera exemplar arbóreo, de especies non incluídas no anexo I desta ordenanza, en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable deberá cumprir coas seguintes distancias de seguridade:

- a. 2 metros cos marcos das parcelas lindeiras.
- b. 4 metros co dominio público de vías de comunicación.
- c. 5 metros con canles fluviais de máis de 2 m de anchura.
- d. 5 metros con liñas de tendido eléctrico (medido ata a proxección horizontal do elemento condutor incluíndo a súa des-

viación máxima co vento, segundo á normativa aplicable a cada caso).

e. 25 metros co límite exterior de gasolinerías e outras instalacións nas que se desenvolvan actividades cualificables de perigosas, segundo a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

21.2. As distancias mediranse en horizontal dende o tronco da árbore.

Artigo 22. Infraccións.

22.1. O incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal establecidas tanto nesta ordenanza como na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, constitúe unha infracción, de acordo co establecido no artigo 50.2 da devandita lei.

22.2. O incumprimento das prescricións establecidas no artigo 5 desta ordenanza constitúe unha infracción, de acordo co establecido no artigo 128 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

22.3. O incumprimento da obriga establecida no artigo 3 desta ordenanza, concernente ao réxime de autorizacións nas cortas de arborado constitúe unha infracción.

Artigo 23. Cualificación das infraccións por incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal.

23.1. Posúen a cualificación de infracción leve:

a. A definida no artigo 24.1 desta ordenanza, derivada do incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal, segundo o que establece o artigo 51 da Lei 3/2007.

23.2. Posúen a cualificación de infracción grave:

a. A infracción definida no artigo 24.2 desta ordenanza, derivada do incumprimento das prescricións sobre plantación de árbores en núcleos poboacionais, de acordo co que establece no artigo 129 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

b. A definida no artigo 24.3 desta ordenanza, derivada do incumprimento do réxime de autorizacións en materia de cortas de arborado.

23.3. A comisión de tres infraccións leves no prazo de dous anos, constitúe, así mesmo, unha infracción grave.

Artigo 24. Contías das sancións por incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal.

24.1. As contías definidas para as sancións pola comisión de infraccións leves, segundo o que establece o artigo 74 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, son de 100,00 a 1.000,00 euros.

24.2. As contías definidas para as sancións pola comisión de infraccións graves, segundo o que establece o artigo 74 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, son de 1.001,00 a 100.000,00 euros.

24.3. Cando para a protección dos distintos aspectos considerados nesta ordenanza concorran outras normas de rango superior, as infraccións sancionaranse conforme coas maiores contías e severas medidas establecidas.

Artigo 25. Gradación das sancións

25.1. En cada expediente sancionador a contía da multa poderá ser graduada, atendendo aos criterios establecidos nos artigos 52 da Lei 3/2007 e 132 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

25.2. Adicionalmente aos criterios citados no punto anterior, no caso de incumprimento da xestión da biomasa vexetal en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable, teranse en conta os seguintes criterios complementarios:

a) O índice de prioridade de actuación, definido no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais municipal, que estea asignado á parcela obxecto do procedemento.

b) A presenza na parcela obxecto do procedemento de especies arbóreas pirófitas.

c) A presenza na parcela obxecto do procedemento de edificacións en estado ruinoso ou de abandono.

25.3. No caso de incumprimento das prescricións sobre plantación de árbores en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable delimitado, teranse en conta os seguintes criterios complementarios:

a) Se os exemplares plantados son especies pirófitas, de acordo coa definición establecida no artigo 3 desta ordenanza.

b) Se o incumprimento concirne ás distancias mínimas con gasolinerías ou outras instalacións nas que se desenvolvan actividades cualificables de perigosas segundo a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

25.4. No caso de incumprimento do réxime de autorizacións en materia de cortas de arborado en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable delimitado, terase en conta o seguinte criterio complementario:

a) Se os exemplares cortados pertencen a especies de frondosas.

Artigo 26. Multas coercitivas

26.1. A comisión de infraccións por incumprimento da xestión da biomasa vexetal e por incumprimento das prescricións sobre plantación de árbores poderá dar lugar á imposición de multas coercitivas.

26.2. As multas coercitivas serán reiteradas por períodos dun mes, sendo a contía de cada multa do 20,00% da sanción total fixada para a infracción cometida.

26.3. Para a exacción das sancións, en defecto de pago voluntario ou acatamento da sanción imposta, seguirase o procedemento administrativo de constrinximento.

Artigo 27. Competencia sancionadora

27.1. A competencia para iniciar e instruír o procedemento sancionador por incumprimento das obrigas de xestión de biomasa vexetal nas redes secundarias de faixas, de acordo co establecido no punto quinto da Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal (...), pertence unicamente á Xunta de Galicia.

27.2. A competencia para iniciar e instruír o procedemento sancionador por infraccións no interior dos núcleos de poboación, de acordo co artigo 54 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, pertence á Administración local.

27.3. No suposto do parágrafo anterior, a competencia para resolver os procedementos sancionadores pola comisións de infraccións leves e graves pertence á persoa titular da Alcaldía, mentres que no caso da comisión de infraccións moi graves pertencerá ao Pleno municipal.

Disposición transitoria

As repoboacións forestais preexistentes á entrada en vigor desta ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atopasen a unha distancia menor á regulada no artigo 20, disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización expresa do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións municipais que contraveñan o disposto nesta ordenanza.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Anexo I. Especies pirófitas

Nome científico - Nome común

Pinus pinaster - Piñeiro galego, piñeiro do país. Pinus sylvestris - Piñeiro silvestre. Pinus radiata - Piñeiro de Monterrei. Pseudotsuga menziesii - Piñeiro de Oregón. Acacia dealbata - Mimosa. Acacia melanoxylon - Acacia negra. Eucalyptus spp. - Eucalipto. Calluna vulgaris - Queiruga. Chamaespartum tridentatum - Carqueixa. Cytisus spp. - Xesta. Erica spp. - Uz, carpaza. Genista spp. - Xesta; piorno. Pteridium aquilinum - Fento común. Rubus spp. - Silva. Ulex europaeus - Toxo.

Anexo II. Especies frondosas

Nome científico - Nome común

Pinus sylvestris - Piñeiro silvestre. Taxus baccata - Teixo. Alnus glutinosa - Ameneiro. Acer pseudoplatanus - Pradairo. Betula sp. - Bidueiro. Fraxinus excelsior - Freixo. Fraxinus angustifolia - Freixa. Castanea sativa - Castiñeiro. Castanea x híbrida - Castiñeiro híbrido. Prunus avium; - Cerdeira. Quercus robur - Carballo. Quercus pineaica - Cerquiño. Quercus suber - Sobreira. Quercus petraea - Carballo albar. Quercus ilex spp. Ballota. - Aciñeira. Quercus rotundifolia - Aciñeira. Coryllus avellana - Abeleira. Fagus sylvatica - Faia. Ulmus glabra, Ulmus minor - Umeiro. Laurus nobilis - Loureiro. Sorbus aria - Sorbeira do monte. Sorbus aucuparia - Capudre. Juglans regia - Noqueira. Arbutus unedo - Érbodo.

(Ver anexo III páx. 30)

Anexo III
Modelo de comunicación previa para talas de árbores en solo urbano ou de núcleo rural.

Solicitante			
Nome e apelidos/Razón social:		☐ DNI ☐ CIF ☐ NIE ☐ PASAPORTE	
Representante		De carácter: ☐ persoal ☐ profesional ☐ legal ☐ outros	
Nome e apelidos/Razón social:		☐ DNI ☐ CIF ☐ NIE ☐ PASAPORTE	
Enderezo para os efectos de notificacións:			
CP:	Localidade:	Municipio:	Provincia/País:
☐ Enderezo electrónico:		☐ Tel. fixo:	☐ Tel. móbil:
Autoriza, para maior comodidade, a ser comunicado polos medios sinalados con ☒			
Localización da tala			
Lugar		Parroquia	
Polígono		Parcela	
Características da tala			
Nome da árbore		Núm. para cortar	
Declaración responsable			
☐ Declara que as características indicadas reflicten fielmente a corta para realizar.			
☐ Declara que se cumprirán os requisitos da normativa específica.			
☐ Declara que non se van realizar as cortas sometidas á obriga previa de autorización.			
☐ Declara que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que se precisan.			
☐ Declara que achega toda a documentación preceptiva.			

Autoriza, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras administracións públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade que se vai desenvolver.

Comunica que executará a corta a partir do día ____/____/____ (A comunicación realizarase con 15 días de antelación á realización da corta), cun prazo de execución de 6 meses.

O que asina de xeito responsable en, Castrelo do Val a, ____ de ____ de ____

Asdo.: o interesado/representante

Castrelo do Val, 27 de decembro do 2021. O alcalde.
Asdo.: Vicente Gómez García.



Quedó aprobado definitivamente, por no haberse presentado reclamaciones, el acuerdo plenario adoptado en la sesión extraordinaria del día 5 de noviembre de 2021, sobre la aprobación provisional de la Ordenanza Reguladora de la Gestión de Biomasa, Distancias de Plantaciones y Prevención de Incendios Forestales.

El acuerdo de exposición al público del expediente se publicó en el Boletín Oficial de la provincia del 10 de noviembre de 2021, núm. 259 y el expediente completo se expuso al público desde el día 11 de noviembre hasta el día 24 de diciembre de 2021, ambos incluidos.

Para los efectos del artículo 17.4 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se hace público el acuerdo definitivo y el texto de la Ordenanza Reguladora de la Gestión de Biomasa, Distancias de Plantaciones y Prevención de Incendios Forestales del Ayuntamiento de Castrelo do Val, y que se transcribe a continuación.

Ordenanza Reguladora de la Gestión de Biomasa, Distancias de Plantaciones y Prevención de Incendios Forestales

Se da cuenta de la memoria de la Alcaldía justificando la aprobación, y de los informes favorables de la Secretaría-Intervención.

El Pleno, por unanimidad de sus ocho miembros presentes (5 PSdG-PSOE, 2 PP y 1 BNG) de los nueve que legalmente lo forman, lo que supone la mayoría absoluta del número legal de miembros de la corporación, acuerda:

Primero. Aprobar inicialmente la Ordenanza Reguladora de la Gestión de Biomasa, Distancias de Plantaciones y Prevención de Incendios Forestales.

Segundo. Exponer al público el presente acuerdo provisional y el texto de la ordenanza por el plazo de treinta días hábiles, tal como preceptúa el art. 17.1 y 2 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, mediante anuncio que se publicará en el BOP y en el tablón de edictos del ayuntamiento; durante dicho plazo, que comenzará a contarse a partir del día siguiente al de la inserción del edicto en el BOP, los interesados podrán examinar el expediente y presentar las alegaciones que estimen oportunas, y en el caso de que no se presentaran reclamaciones, se entenderá definitivamente aprobado el acuerdo hasta entonces provisional. Si existiesen reclamaciones, el Pleno resolverá sobre éstas y adoptará el acuerdo definitivo que proceda, de acuerdo con el artículo 17.3 de dicha ley.

Tercero. Elevar a definitivo este acuerdo si no se presentasen reclamaciones al mismo y continuar el expediente hasta su conclusión, de conformidad con el procedimiento previsto en el art. 17.4 de la citada ley, procediéndose a la publicación de la modificación de la ordenanza en el BOP.

Cuarto. La referida ordenanza entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación hasta su modificación o derogación expresa.

Anexo

Ordenanza Municipal Reguladora de la Gestión de la Biomasa, Distancias de Plantaciones y Prevención de Incendios Forestales.

El Plan de Desarrollo Rural de Galicia (PDR), reconoce los incendios forestales como uno de los problemas ambientales más importantes de Galicia, constituyendo una grave causa de pérdidas de riqueza en las economías rurales, un riesgo severo

para las personas y los ecosistemas y una fuente inagotable de gasto público. Por todo lo anterior, hace falta desarrollar políticas activas de prevención y lucha contra los incendios forestales que permitan proteger de manera efectiva de los recursos naturales y humanos del territorio de los riesgos asociados al fuego.

En este sentido, la aprobación de la Ley 3/2007, del 9 de abril, de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia, implicó la implantación de nuevas estrategias de prevención de incendios forestales que perseguían cumplir con estos objetivos. Sin embargo, las nuevas medidas de prevención de incendios establecidas por la ley, supusieron la adquisición de nuevas responsabilidades por parte de todos los agentes sociales relacionados, directa o indirectamente con el medio rural y forestal.

En relación a las responsabilidades de los ayuntamientos, el artículo 16 de la Ley 3/2007, establece un conjunto de normas y consideraciones técnicas, sin embargo, algunos aspectos esenciales de la prevención de incendios forestales a escala municipal no fueron explícitamente determinados en la Ley 3/2007, por lo que deben de ser concretados por medio de la aprobación de una ordenanza municipal específica.

Conforme a la potestad atribuida por los artículos 4 de la Ley 7/1985, del 2 de abril, Reguladora del Régimen Local e 6 de la Ley 5/1997, del 22 de julio, Reguladora Local de Galicia, con la presente ordenanza, el Ayuntamiento de Castrelo do Val, propone desarrollar la regulación de la gestión de la biomasa vegetal y de las distancias de plantación de especies arbóreas y arbustivas, en el suelo urbano, de núcleo rural y urbanizable delimitado, así como el diseño del procedimiento administrativo de orden de ejecución de gestión de biomasa vegetal, en el ámbito de sus competencias, con el objeto de alcanzar las condiciones idóneas de seguridad para reducir los riesgos asociados a los incendios forestales, protegiendo de los mismos a las personas, a las poblaciones, a las infraestructuras y a los ecosistemas.

Artículo 1. Objeto.

El objeto de la presente ordenanza es la regulación de la gestión de la biomasa vegetal en el territorio municipal de Castrelo do Val y dentro de su ámbito competencial, en los términos definidos en la Ley 3/2007, de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia.

Artículo 2. Ámbito de aplicación

En consonancia con lo establecido en el artículo 4.2 de la Ley 5/1997, del 22 de julio, Reguladora de la Administración Local de Galicia, lo dispuesto en la presente ordenanza se aplicará en aquellos ámbitos que no estén explícitamente regulados en la legislación básica en materia de prevención y defensa contra incendios forestales.

Concretamente, será de aplicación en toda la superficie municipal situada en el interior de núcleos de población (suelo de núcleo rural, urbano y urbanizable delimitado), así como en aquellos terrenos forestales o de influencia forestal (situados a menos de 400 metros de terrenos forestales) que se encuentren a menos de 50 metros de núcleos de población y de edificaciones o instalaciones aisladas, según establece el artículo 21 de la Ley 3/2007, de Prevención y Defensa contra Incendios Forestales de Galicia.

Artículo 3. Definiciones

Suelo urbano: terrenos que la planificación urbanística (PXOM) del ayuntamiento define y clasifica como tal en virtud de lo dispuesto en la legislación urbanística (vigente en el



momento de aprobación del PXOM: Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del medio rural de Galicia).

Núcleos rurales: terrenos que se incluían dentro de los núcleos rurales delimitados en la planificación urbanística municipal (PXOM), de conformidad con lo dispuesto en la legislación urbanística (vigente en el momento de aprobación del PXOM: Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del medio rural de Galicia).

Suelo urbanizable: terrenos que, no teniendo la condición de suelo urbano, de núcleo rural ni de suelo rústico, la planificación urbanística (PXOM) definió como tal al objeto de transformación urbanística en los términos fijados en la legislación urbanística (vigente en el momento de aprobación del PXOM: Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del medio rural de Galicia).

Gestión de la biomasa forestal: eliminación parcial o total de la biomasa vegetal por medio del empleo de las técnicas más eficaces, con el mínimo impacto ambiental (preferiblemente mecánicas) y con la intensidad y frecuencia precisas para generar niveles de discontinuidades horizontales y verticales de los combustibles que garanticen el cumplimiento de las condiciones mínimas de seguridad y salubridad legalmente exigibles, así como la conservación de los valores naturales.

Personas responsables: personas titulares de los terrenos, o en su caso usufructuarios del derecho de aprovechamiento sobre los terrenos, urbanos, urbanizables y de núcleo rural, así como las personas, administración, entidades o sociedades que puedan considerarse responsables a los efectos de lo establecido en el artículo 21 de la Ley 3/2007, de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales de Galicia.

Terreno forestal: terreno que cumple con alguno de los criterios especificados en el artículo 2 de la Ley 7/2012, de 28 de junio, de Montes de Galicia.

Zonas de influencia forestal: áreas límites que abarcan una franja circundante de los terrenos forestales con una anchura de 400 metros, excluyendo el suelo urbano, de núcleo rural y el urbanizable.

Especies pirófitas: especies consideradas generadoras o potenciadoras de los riesgos asociados a los incendios forestales y que están incluidas en la disposición adicional tercera de la Ley 3/2007, de Prevención y Defensa contra Incendios Forestales de Galicia (anexo I de la presente ordenanza).

Especies frondosas: especies arbóreas autóctonas incluidas en el anexo I de la Ley 7/2012, de 28 de junio, de Montes de Galicia (anexo II de la presente ordenanza).

Artículo 4. Fundamentos legales

Se describen brevemente a continuación las normas vigentes de mayor relevancia en relación con la prevención de incendios forestales y con las distancias de plantación de árboles.

4.1. Artículos 582, 591 y 592 del Código Civil:

Establecen las distancias mínimas que tienen que exigir entre árboles o arbustos y las propiedades aledañas, así como las condiciones bajo las cuales se podrá ordenar o ejecutar la poda de ramas o raíces que invadan una propiedad aledaña.

4.2. Decreto 2661/1967, de 19 de octubre, sobre las distancias entre plantaciones y fincas aledañas.

Define las distancias mínimas que deberán respetar las nuevas repoblaciones forestales con cultivos agrícolas límites, en función de la especie forestal a plantar.

4.3. Decreto 81/1989, de 11 de mayo, sobre medidas de ordenación de las nuevas plantaciones con el género *Eucalyptus*.

Complementa lo establecido en el Decreto 2661/1967 con respecto a las distancias mínimas que deberán respetar las nuevas repoblaciones forestales de eucalyptos con fincas aledañas.

4.4. Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes.

Establece algunas consideraciones generales sobre las responsabilidades de las personas y de las administraciones en la prevención de incendios forestales, el régimen sancionador relacionado con los incendios forestales, entre otros aspectos.

4.5. Ley 7/2012, de 28 de junio, de Montes de Galicia.

Modifica gran parte delo dispuesto en la Ley 3/2007 y establece las distancias mínimas que hay que respetar por las nuevas repoblaciones forestales.

4.6. Decreto 105/2006, de 22 de junio, por el que se regulan las medidas relativas a la prevención de incendios forestales, a la protección de los asentamientos y repoblaciones forestales.

Establece por primera vez en la legislación gallega un conjunto de consideraciones y limitaciones normativas en relación con la prevención de incendios forestales.

4.7. Ley 3/2007, de 9 de abril, de Prevención y Defensa contra Incendios Forestales de Galicia.

Define las redes secundarias de fajas de gestión de biomasa vegetal, las responsabilidades de las personas titulares de terrenos en el cumplimiento de la gestión de la biomasa vegetal, así como las responsabilidades de los ayuntamientos en la planificación de la prevención de incendios forestales y en la instrucción de los procedimientos precisos para hacer efectiva la gestión de la biomasa vegetal, entre otros aspectos.

4.8. Orden del 18 de abril de 2007, por la que se zonifica el territorio con base en el riesgo espacial de incendio forestal.

Determina los ayuntamientos que son considerados como zona de alto riesgo de incendio, en el que el Ayuntamiento de Castrelo do Val se incluye como zona de alto riesgo de incendio.

4.9. Orden del 31 de julio de 2007 por la que se establecen los criterios para la gestión de la biomasa vegetal.

Establece las condiciones mínimas legalmente exigibles con las que se debe gestionar la biomasa vegetal por parte de las personas responsables en las zonas definidas en la Ley 3/2007.

4.10. Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Dispone las características que debe de cumplir el procedimiento administrativo de orden de ejecución de gestión de biomasa vegetal.

4.11. Ley 2/2016, de 10 de febrero, del Suelo de Galicia.

